

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PORTAS PARA A MELLORA DO ENTORNO DO ALBERGUE DE BRIALLOS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Portas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Portas para a mellora do entorno do Albergue de Briallos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Portas no seu propósito de fomentar as actividades turísticas e culturais, como un importante sector de desenvolvemento nas zonas rurais, está a promover todos aqueles aspectos e actuacións que faciliten o acceso de todos os



veciños e visitantes a aquelas zonas que pola súa importancia turística merecen ser visitadas.

Isto xunto coa importancia que dende este concello se lle da á recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio turístico, arqueolóxico e cultural local fai que unha das prioridades sexa a de cumprir cos principios de calidade e accesibilidade en todos eses destinos turísticos que dende este concello se pretenden valorizar como fomento do turismo.

Terceiro.- O Concello de Portas pretende levar a cabo o proxecto de creación dunha pista deportiva ó carón das inmediacións do albergue de Briallos nun tramo do Camiño Portugués, que considera moi importante para revalorizar e impulsar parte dos seus aspectos turísticos municipais.

O albergue de peregrinos de Briallos é un albergue público para peregrinos do Camiño de Santiago con credencial, xestionado pola Xunta de Galicia, situado na localidade de Briallos-Portas e que dispón de distintivo de calidade Q-Calidade Turística.

A parcela onde se construírá a pista deportiva atópase lindando co albergue de Briallos, conta cunha superficie total de 1.136,35 m² e carece de pavimentación. A pista deportiva contará cunha sub-base de zahorra de 20cm de espesor e pavimentarase cunha capa de formigón HF-3.5 coloreado en verde de 15cm de espesor. Complementarase a pista deportiva coa colocación dun xogo de porterías de fútbol sala/balonmán combinado cunha canastra de baloncesto e co cerramento da mesma con malla electrosoldada modular.

Será preciso retirar parte das tullas que delimitan o albergue de Briallos coa parcela na que se construírá a pista deportiva e prantaranse novamente ó redor da pista novas prantas en caso preciso para completar o perímetro.

Así mesmo as ventás do albergue precisan reparacións puntuais para mellorar o aillamento polo que se retirará a silicona vella, limparanse as xuntas e selaranse as mesmas con polímero. Tamén se colocarán remates con chapa plegada lacada para a cuberta e selaranse e remataranse as xuntas da cuberta coa fachada, sendo preciso usar medios de elevación.



Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Portas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

